

nosos referentes. As novas augas, precisan dun barco renovado, novas cartas de navegación e unha tripulación que sexa consciente que nos toca navegar no mar que temos, e que con ese navío, se poña rumbo a ilusionar de novo á cidadanía galega. Algo que acadaron os 29 equipos municipais do BNG en Galicia con referentes institucionais e con apoio social contrastado.

O BNG ten que abandonar as únicas augas nas que voga de xeito recorrente nos derradeiros anos: as dun pasado mitolóxico e as dun futuro idealizado, tan lonxano que nin sequer se albisca. Vai sendo hora, sen renunciar á utopía, de voltar a mares presentes e alimentarse de bocados de realidade.

Somos conscientes de que moitos militantes e simpatizantes e unha boa parte da cidadanía galega percibe esta asemblea como a derradeira oportunidade para que o BNG sexa quen, de atopar o punto de inflexión que nos permita esa resintonía coa sociedade para avanzar no camiño de liderar o noso País.

Entendemos, nembargantes, que para que ese proceso teña credibilidade cómpre mudar as dinámicas dos derradeiros anos cos referentes municipais, que pasaron de ser percibidos pola dirección como símbolos dun novo nacionalismo, a ser considerados sospeitosos municipalistas que non teñen claro un proxecto global para Galiza.

Non temos vocación porén de permanencia no tempo, nin acreditamos asepticamente na autonomía municipal xa que seguimos dende os concellos facendo país. Coidamos, iso si, que a nosa experiencia nos gobernos municipais, a posta en marcha de políticas alternativas durante estes anos, a nosa introdución social e o traballo feito a pé de campo escoitando as demandas dos nosos veciños e veciñas, é un capital que o BNG como organización non debe desaproveitar se quere actualizar o seu discurso e ampliar a súa base social. Polo tanto queremos poñernos ao servizo do BNG, unha vez máis e de xeito explícito, para que utilice as nosas experiencias nos gobernos en temas tan diversos actualmente como son a creación de novas mensaxes políticas, a comunicación coa sociedade e os procesos de normalización do nacionalismo como forza de goberno.

Durante este tempo, demostramos que somos quen de trasladar unha mensaxe ás maiorías sociais, transformando os nosos concellos sen facer renuncias no proxecto colectivo nacionalista, apostando por dirixirnos a esa maioría que agarda por outras maneiras de facer política de xeito honesto, comprometido e distante de ollares únicos e dogmáticos.

Por iso facemos este chamamento, porque sabemos que dende os concellos podemos facer país gran a gran, porque queremos, tamén dende os concellos, construír un novo BNG, e porque somos conscientes de que o Bloque é o mellor instrumento que ten esta nación para consolidarse e prosperar como tal.

Acreditamos polo tanto, nun BNG participativo e aberto que se dirixa ao conxunto da sociedade e no que todos sexamos quen, de recuperar a confianza e de xenerar ilusión, nun futuro distinto para o conxunto do pobo galego.

Santiago de Compostela, 10 de agosto de 2011

Asinan Alcaldesas e Alcaldes do BNG dos Concellos de:

A Bola (Teresa Barge Bello), A Mezquita (Rafael Pérez Vázquez), A Pobra do Brollón (Xosé Lois Maceira Vilariño), Arbo (Xavier Simón), Castrelo de Miño (Xurxo Rodríguez Méndez), Maceda (Francisco Xabier Oviedo Rodríguez), Manzaneda (David Rodríguez Estévez), Mondoñedo (Orlando González Cruz), Monforte (Severino Rodríguez Díaz), Mugardos (Xosé Fernández Barcia), Rianxo (Adolfo Muíños Sánchez), Ribadeo (Fernando Suárez Barcia), Salceda de Caselas (Marcos Besada Pérez), Teo (Martinho Noriega Sánchez), Tomiño (Sandra González Álvarez), Vilar de Santos (Xoán Xosé Jardón Pedras), Vimianzo (Manuel Antelo Pazos), Zas (Manuel Muíño Espasandín)

alcaldiasdobng@gmail.com · <http://alcaldiasdobng.wordpress.com>

un nin concellos máis conscientes
durante o proceso de organización
xeito novo BNG máis cidadanía nosa
interfieren outras illas: mellor social nacionalista
pasado sociedade derradeiros feito pero nosos
garantir nun augas: iso cidadanía nosa
gran social nacionalista
querramos nosos